

INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DO GASTO E DA DÉBEDA PÚBLICA

Remitido a esta Intervención Municipal o Proxecto de Orzamento Xeral do Excmo. Concello de para o ano 2018, con carácter previo á súa aprobación inicial, a funcionaria que subscribe, con arranxo ao sinalado no art. 16.2 RD 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, Xeneral de Estabilidade Orzamentaria (con posterioridade Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2007, agora derogado) e entendendo o mesmo vixente tras a promulgación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ten a ben emitir o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

E de igual maneira, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

SEGUNDO. Normativa reguladora do principio de estabilidade orzamentaria no Sector Público Local, de cálculo da regra de gasto e das obrigacións de subministración de información

- Os artigos 3, 11, 12, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na

LOEPSF

- Os artigos 51 a 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).

TERCEIRO. Sobre o Informe de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O artigo 16 apartado 1 in fine e apartado 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, establece que, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No caso de que o resultado da avaliación do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria ou da Regra do Gasto sexa incumprimento, a Entidade Local formulará un Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos citados obxectivos.

CUARTO. Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

O artigo 11.4 LOEPSF establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. E así, o Consello de Ministros en data 2 de decembro de 2016, establece como obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2017-2019 o equilibrio.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos

de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo do seu reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

Axustes SEC:

Os axustes SEC son os seguintes, de acordo co formulario F.1.1.B1 da guía da comunicación do orzamento de 2018 publicada na Oficina Virtual das EE.LL.:

(Importes en €)

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2018 (+/-)	Observacións
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	0,00	Aplicase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Tomando os datos da liquidación 2017 calculouse a porcentaxe de axuste a practicar, resultando ser 0%. Ver cadro 1.
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00	Aplicase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Tomando os datos da liquidación 2017 calculouse a porcentaxe de axuste a practicar, resultando ser 0%. Ver cadro 1.
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-35.925,82	Aplicase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Tomando os datos da liquidación 2017 calculouse a porcentaxe de axuste a practicar, resultando ser -1,74 %. Ver cadro 1.
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	0,00	Non se da este suposto
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	0,00	Non se da este suposto
GR002b	(+) Axuste pola liquidación PTE de exercicios distintos a 2008 e 2009	0,00	Non se da este suposto

GR006	Xuros	0,00	Os axustes para practicar son de escasamente significativa importancia polo que se prescinde dos mesmos -sen que se afecte á imaxe fiel da entidade nin ao que se conclúa no presente informe respecto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria- en aplicación do principio de importancia relativa.
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00	Non se da este suposto
GR015	(+/-) Axuste polo grao de execución do gasto	363.218,87 €	Un axuste similar contéplase pola IGAE en relación coa regra de gasto, considerando neste ámbito que o axuste terá como límite «a media aritmética do grao de execución dos créditos dos tres exercicios anteriores, unha vez eliminados os valores atípicos». Considerando un grao de inexecución do 0,10 % en 2015, 6,75 % en 2016 e 5,00 % como avance do 2017, obténdose unha media do 3,95 %, a devandita porcentaxe aplicarase sobre os créditos dos capítulos I – VII do estado de gastos do proxecto de orzamentos, polo que o axuste positivo a practicar por este concepto ascendería a 363.218,87 €.
GR009	Investimentos realizados por conta da corporación local	0,00	Non se da este suposto
GR004	Ingresos por vendas de accións (privatizacións)	0,00	Non se da este suposto
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00	Non se da este suposto
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea	0,00	Non se da este suposto
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00	Non se da este suposto
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00	Non se da este suposto
GR012	Achegas de capital	0,00	Non se da este suposto
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00	Non se da este suposto
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento.
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00	Non se da este suposto
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00	Non se da este suposto
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00	Non se da este suposto
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	Non se da este suposto
GR019	Préstamos	0,00	Non se da este suposto

GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento	0,00	Non se da este suposto
GR021	Consolidación de transferencias con outras Administracións Públicas	0,00	Non se da este suposto
GR099	Outros	0,00	Non se coñecen datos neste apartado
Total de axustes ao orzamento da entidade		327.293,05 €	

* **Cadro 1:** Cálculo dos axustes por rexistro en Contabilidade Nacional de Impostos, Taxas e outros ingresos.

	Dereitos Recoñecidos 2017	Recadación 2017			AXUSTES LIQUIDACIÓN 2017			AXUSTE ORZAMENTO 2018		
		PPTO. Corrente	PPTO. Cerrado	Total	Negativo	Positivo	TOTAL	% de axuste	Créditos Iniciais	AXUSTE SEC
Impostos Directos	2.436.302,60	2.436.302,60	23,06	2.436.325,66	0,00	0,00	0,00	0,00%	2.529.000,00	0,00
Impostos Indirectos	163.172,83	163.172,83	1.531,56	164.704,39	0,00	0,00	0,00	0,00%	165.000,00	0,00
Tasas E outros ingresos	1.964.542,19	1.869.645,58	60.775,46	1.930.421,04	34.121,15	0,00	-34.121,15	- 1.74 %	2.064.702,00	-35.925,82
TOTAL								-1,74 %		-35.925,82

Examinados os axustes para practicar no saldo resultante dos ingresos e gastos non financeiros do orzamento para determinar a capacidade ou necesidade de financiamento calculado conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas (nos termos sinalados pola Orde HAP/2105/2012 xa citada), o proxecto de orzamento 2018 do Concello de Cambados depara o seguinte resultado en termos de estabilidade orzamentaria:

Dereitos cap. 1-7	9.458.259,60 €
Gastos cap. 1-7	9.195.414,54 €
Resultado previo á axustes	262.845,06 €
Axustes maior déficit	-35.925,82 €
Axustes menor déficit	363.218,87 €
Capacidade de financiamento	590.138,11 €

O resultado é de capacidade de financiamento, polo que o proxecto de Orzamento de 2018 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria (equilibrio ou superávit).

QUINTO. Cumprimento da Regra do Gasto.

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o Goberno aprobou os obxectivos de estabilidade e débeda pública para o período 2018-2020, fixando en relación á regra de gasto que a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española que se fixa no 2,4 % para o 2018.

Aínda que non é exixible o cálculo e cumprimento da regra de gasto na aprobación do orzamento, tendo en conta que sí debe calcularse e aprobarse o límite de gasto non financeiro e verificar que o mesmo cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto, considérase polo tanto axeitado os seu cálculo. Mais se cabe tendo en conta que na liquidación do orzamento sí debe cumprirse a regra de gasto.

➤ Cálculo do gasto computable:

Establécese no apartado 2 do artigo 12 como se determina o volume de gasto computable.

“2. Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento”.

En relación ao axuste polo grao de execución, tívose en conta o criterio establecido na Guía para a determinación da regra de gasto elaborada pola IGAE:

“Nas Corporacións Locais a execución orzamentaria final sole presentar desviacións respectos dos créditos iniciais do orzamento. Por este motivo, para o cálculo do gasto computable nos orzamentos iniciais realizarase un “axuste polo grao de execución do gasto”, que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros.

Este axuste reducirá os empregos non financeiros naqueles gastos nos que polas súas características ou pola súa natureza se consideren de imposible execución no exercicio orzamentario. E os incrementará naqueles casos cuxa execución vaia a superar o importe dos créditos iniciais.

O axuste polo grao de execución do ano n será o resultado de aplicar a porcentaxe estimada do grao de execución do dito orzamento ao importe dos créditos por operacións non financeiras (capítulos 1 a 7) do orzamento de gastos. No caso do capítulo 3 gastos financeiros, unicamente incluíranse os créditos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os créditos por execución de avais.

A porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento do ano *n* terá como límite, superior ou inferior, a media aritmética das porcentaxes do grao de execución dos créditos por operacións non financeiras do orzamento de gastos dos tres exercicios anteriores, unha vez eliminados os valores atípicos.”

A delimitación do concepto de valores atípicos supón unha gran influencia no cálculo e o resultado grao de execución e, polo tanto, nunha estimación de cumprimento ou non da regra de gasto. A IGAE matizou este concepto a unha consulta formulada polo Colexio Oficial dos FHE de Ourense:

“Enténdese por un valor atípico, un valor moi distinto do resto, que fai que a media aritmética non sexa representativa do grupo de valores considerado. Aos efectos deste axuste, consideraranse valores atípicos aqueles gastos cuxa inclusión desvirtúe a media aritmética que opera como límite da porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento.

Entre outros consideraranse valores atípicos, sempre que cumpran co disposto no parágrafo anterior:

- Os gastos de natureza extraordinaria derivados de situacións de emerxencia, acontecementos catastróficos, indemnizacións aboadas en virtude de sentenzas xudiciais e similares.

- Os gastos financiados con subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, dado que estes gastos non se inclúen no cálculo do gasto computable para a determinación da regra de gasto.

- Os gastos financiados con dereitos procedentes do alleamento de terreos e investimentos reais coñecidos no mesmo exercicio, dado que no cálculo do gasto computable considérase o investimento neto.

- Os gastos financiados a través do mecanismo extraordinario de pagamento a provedores.

Se esta media é negativa (positiva) implicará unha execución inferior (superior) aos créditos iniciais e a porcentaxe estimada do grao de execución non poderá ser superior (inferior) a esta media dando lugar a un axuste que diminuirá (aumentará) os empregos non financeiros.”

A continuación amósase o cálculo do grao de execución dos exercicios 2015, 2016 e 2017, así como a eliminación do cálculo dos valores atípicos e o resultado do axuste a a practicar no cálculo da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto:

CÁLCULO DO AXUSTE POR INEXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS					
		CI	ORN	DIFERENZA	% IN/EXECUCIÓN
2015	CAP 1 A 7	8.196.343,23 €	9.452.738,30 €		
	VALORES ATÍPICOS	-326.000,00 €	-1.589.973,82 €		
		7.870.343,23 €	7.862.764,48 €	-7.578,75 €	-0,10 %
2016	CAP 1 A 7	9.040.273,36 €	8.257.677,70 €		
	VALORES ATÍPICOS	-781.727,25 €	-556.423,71 €		
		8.258.546,11 €	7.701.253,99 €	-557.292,12 €	-6,75 %
2017	CAP 1 A 7	8.549.237,04 €	8.982.942,22 €		
	VALORES ATÍPICOS		-860.310,52 €		
		8.549.237,04 €	8.122.631,70 €	-426.605,34 €	-5,00 %
MEDIA INEXECUCIÓN					-3,95 %
			AXUSTE	MAIOR ESTABILIDADE	MENOR GASTO COMPUTABLE
2018	CAP 1 A 7	9.195.414,54 €	3,95 %	363.218,87 €	
2018	CAP 1 A 7 (-XUROS)	9.189.571,97 €	3,95 %		362.988,09 €

Esta porcentaxe utilizarase para o cálculo do gasto computable de 2018 na regra de gasto, aplicándose sobre os gastos non financeiros excluídos os xuros, así como para o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento, esta vez, aplicándoo sobre o total de gastos non financeiros, xa que os xuros si se teñen en conta na cuantificación desta magnitude.

➤ **Resultado da comprobación de cumprimento da regra de gasto:**

Presupuesto 2018		Previsión Liquidación 2017	Presupuesto 2018
CÁLCULO DE LA REGLA DE GASTO (art. 12 Ley Orgánica 2/2012)			
=	A) EMPLEOS NO FINANCIEROS (SUMA DE CAPÍTULOS 1 A 7)	8.996.941,10 €	9.195.414,54 €
(-)	Intereses de la deuda	6.938,21 €	5.842,57 €
=	B) EMPLEOS NO FINANCIEROS (excepto intereses de la deuda)	8.990.002,89 €	9.189.571,97 €
(-)	Enajenación		
(+/-)	Inversiones realizadas por cuenta de la Corporación Local		
(-)	Inversiones realizadas por la Corporación Local por cuenta de otras AAPP		
(+)	Ejecución de Avales		
(+)	Aportaciones de capital		
(+)	Asunción y cancelación de deudas		
(+/-)	Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	434.259,66 €	
(+)	Pagos a socios privados en el marco de Asociaciones público privadas		
(+/-)	Adquisiciones con pago aplazado		
(+/-)	Arrendamiento financiero		
(+)	Préstamos fallidos		
(+/-)	Grado de ejecución del Gasto		-362.988,09 €
(-)	Ajustes Consolidación presupuestaria		
(-)	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP	-1.438.638,30 €	-1.141.942,05 €
(-)	Inversiones Financieramente Sostenibles		
=	D) GASTO COMPUTABLE	7.985.624,25 €	7.684.641,83 €
(-)	Aumentos permanentes de recaudación (art. 12.4)		
(+)	Reducciones permanentes de recaudación (art. 12.4)		140.000,00 €
=	E) GASTO COMPUTABLE AJUSTADO año n = Gº computable +/- Aumento/reducción permanente recaudación		7.824.641,83 €
a	Variación del gasto computable		-2,02 %
b	Tasa de referencia crecimiento PIB m/p		2,40 %
CUMPLE CON LA REGLA DE GASTO b > a			352.637,40 €

SIXTO. Comprobación cumplimiento do límite de gasto non financeiro.

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades

Locais a mesma obrigación que a Unión Europea vén esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto.

Neste sentido o artigo citado dispón: “O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos. O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento de Comunidades Autónomas e Corporacións Locais.”

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para iso. Tampouco se establece na Orde Ministerial a obrigación de remisión de información sobre o teito de gasto.

O límite de gasto non financeiro calcularase tomando como punto de partida o importe máximo do Orzamento de gastos pola regra de gasto, é dicir, o gasto computable do orzamento liquidado do ano anterior, multiplicado pola taxa de referencia a medio prazo da economía española que fixa cada ano o Goberno, e sumando ou restando os aumentos ou diminucións permanentes da recadación do ano.

No entanto, no cálculo deste teito de gasto non se terá en conta, entre outras, os intereses da débeda nin os gastos financiados con fondos finalistas da Unión Europea e doutras Administracións Públicas.

O cálculo do límite do gasto non financeiro, de acordo cos datos do orzamento inicial e da regra de gasto é o seguinte:

CÁLCULO DEL LÍMITE DE GASTO NO FINANCIERO	
=	E) GASTO COMPUTABLE AJUSTADO 7.824.641,83 €
(+)	Aumentos permanentes de recaudación 0,00 €
(-)	Reducións permanentes de recaudación -140.000,00 €
(+)	Intereses de la deuda 5.842,57 €
(+)	Ajustes Consolidación presupuestaria 0,00 €
(+)	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP 1.141.942,05 €
(+)	Disminución gasto computable por inversiones financieramente sostenibles 0,00 €
(+/-)	Ajustes SEC 10 -362.988,09 €
(+)	Margen de aumento hasta límite de la tasa de referencia 352.637,40 €
=	LIMITE DE GASTO NO FINANCIERO 8.822.075,76 €

O límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018 sitúase en 8.822.075,76 euros.

SÉTIMO. Cumprimento do límite de débeda

As Entidades Locais terán a obrigaón de non pasar o límite de Débeda Pública fixado no 2,7 % do PIB para o exercicio 2018, de conformidade co recollido en Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no seu artigo 13.

Para a administración local, non se aprobou o límite en termos de ingresos non financeiros, polo que non resulta posible determinar o límite de débeda como prevé o citado artigo en termos de Produto Interior Bruto Local.

Con todo, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na Nota Explicativa da Reforma Local actualizada a data 17 de setembro de 2015, indicou que equivalería ao límite de débeda referido a 31 de decembro do exercicio inmediato anterior, de acordo cos criterios establecidos nos Artigos 51 e 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en canto ás operacións de endebedamento en xeral, para a aplicación do réxime de autorización para formalizar ditas operacións cando o sexan a longo prazo.

O capital vivo pendente de amortizar a 01 de xaneiro de 2018, polos préstamos concertados e vixentes, segundo se desprende dos Estados financeiros ascende a 1.266.327,52 euros, que supón un **15.12 %** dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da última liquidación practicada correspondente ao ano 2016, que ascenden a 8.372.385,91 euros, non superando o límite do 110% establecido na Disposición Adicional 14ª do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

OITAVO.- Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda.

Na fase de aprobación do Orzamento de 2018, coas cifras que contén, **cúmprense** os obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda.

ESTE DOCUMENTO ASÍNASE ELECTRONICAMENTE